

1. A PALABRA

A palabra é a unidade lingüística mínima que pode constituír por si soa un enunciado. Caracterízase semanticamente por ter significado unitario e graficamente por aparecer de xeito autónomo. Con todo, nos casos de palabras aglutinadas por énclice (“Dixéronme”) ou por contracción (“polo”), debemos considerar que no interior de cada unha desas palabras segue habendo dúas formas pertencentes a clases gramaticais diferentes (verbo e pronome e preposición e artigo, respectivamente).

2. A ESTRUCTURA DA PALABRA

A palabra está constituída por **morfemas**, unidades lingüísticas menores non autónomas dotadas de significante e de significado.

2.1. Clasificación dos morfemas

- **Morfemas léxicos ou lexemas.** Son os elementos constantes e invariables da palabra que achegan o significado léxico ou conceptual. Este significado atópase nos substantivos, nos adxectivos e nos verbos. *Gat-o-s, viv-i-mos, led-a-s*. Os lexemas independentes forman palabras por si mesmos: *avión, pan, cama, mazá, coche...*
- **Morfemas flexivos.** Achegan significados gramaticais e constitúen a parte variable da palabra. Expresan as categorías gramaticais de xénero e número nos substantivos e nos adxectivos, e a conxugación e as desinencias de persoa-número e tempo-modo nos verbos. *Xef-e, alt-a-s, cant-a-ba-mos*
- **Morfemas derivativos.** Forman novas palabras uníndose aos lexemas e achegan significados de *lugar, acción, negación, anterioridade...*

Os morfemas derivativos poden ser:

- **Prefixos.** Sitúanse antepostos ao lexema, pero non cambian a categoría gramatical da palabra que modifican. *Ex- presidente, i-rregular, pre-lavado*
- **Sufixos.** Situados pospostos ao lexema, cambian o significado das palabras e poden tamén cambiar a categoría das mesmas. *Led-a-mente, branc-ura, barb-udo*
- **Sufixos alterativos (aumentativos, diminutivos e despectivos).** Non se consideran morfemas derivativos porque non crean palabras novas nin mudan o significado da palabra base. Matizan o significado do lexema engadindo nocións apreciativas ou de tamaño: *hom-azo, cas-oupa, fest-ón* gord-ech-o. Moitos destes sufixos están xa lexicalizados: *ciadela, costela, portela, colchón, cortello.*

Entre o lexema e os sufixos poden aparecer nalgunhas palabras un fonema de unión denominado **interfixo** ou **infixo**, un elemento sen significación que evita cacofonías.

Tradicionalmente, considerábase un morfema, pero non é correcto, pois carecen de significado. Son exemplos de **interfixos**: *En-s-anchar*, *nai-c-iña*, *can-c-iño*, *fum- ar-eda*, *pan-ad-eiro*.

Ademais da clasificación anterior, os morfemas poden ser dependentes ou independentes:

- **Morfemas gramaticais libres ou independentes.** Constitúen palabras por si mesmos, pero non son lexemas: determinantes, pronomes, preposicións, conxuncións.
- **Morfemas trabados ou dependentes.** Precisan doutros morfemas para formar palabras: *agrim-os-o*, *des-feit-a*, *cant-a-ba-s*

3. A FORMACIÓN DAS PALABRAS

3.1. Derivación

- **DERIVACIÓN POR PREFIXACIÓN.** Formación de palabras novas mediante adición ao lexema dun **morfema derivativo prefixo**, que modifica o seu significado pero non a súa categoría gramatical. Adoitan ser de carácter culto, de orixe latina ou grega:
 - **Prefixos de orixe latina:** *abnegar*, *absterse*, *antepasado*, *ambivalente*, *bipolar*, *circumpolar*, *contraorde*, *deformar*, *descoñecer*, *extraoficial*, *extrafino*, *incivil*, *ilexible*, *embarcar*, *interdental*, *entremeter*, *interurbano*, *intramuscular*, *opor*, *perdurar*, *postoperatorio*, *prenatal*, *prolongar*, *pronome*, *recuar*, *rearmar*, *reafirmar*, *retrovisor*, *soportal*, *subliñar*, *sobrealimentar*, *supersónico*, *transbordar*, *trasladar*, *transformar*, *ultracorrección*, *vicepresidente*,
 - **Prefixo de orixe grega:** *antimonárquico*, *asimétrico*, *apostata*, *apétala*, *anfíbio*, *antinéboa*, *arquipélago*, *arcebispo*, *catálogo*, *diapositiva*, *diafragma*, *disimetría*, *endóxeno*, *eutanasia*, *hipérbole*, *hipoderme*, *macrocefalia*, *microbio*, *paramilitar*, *polimorfismo*, *periferia*, *simpatía*.

Existen algúns **casos especiais de prefixos (os chamados raíces prefixas)** que na lingua orixinaria eran lexemas, pero posteriormente deixaron de empregarse illados, polo que soen considerarse **prefixos cultos**. Estes prefixos considéranse lexemas e forman compostos eruditos cando teñen, polo menos, unha destas características:

- Poden ir en posición inicial ou final: *telégrafo*, *grafoloxía*, *ortografía*, *filosofía*, *bibliófilo*.
- Poden combinarse entre si para formar palabras compostas *filósofo*, *discografía*, *grafoloxía*, *ortografía*, *ortopedia*, *pedicura*.
- Poden levar outros prefixos ou sufixos: *grafismo*, *grafista*.

▪ **VALORES DOS PREFIXOS MÁIS FRECUENTES**

Negación, privación, oposición	in (inválido), anti (antinuclear, <i>antictlerical.</i>), des (desabrigar), a (amoral), contra (contraorde) o (<i>oposición</i>)
Numéricos	mono (monoteísta), bi (bimembre), tri (triciclo), tetra (tetrasilábico), penta (pentagrama) pluri (pluriemprego), multi (multidisciplinar)
Tamaño, superlativos, partitivos	mini (minisaia), micro (microorganismo), macro (macrocomputadora), extra (extraordinario), super (supersónico), sobre (sobrealimentación), ultra (ultraconxelado), semi (semicírculo)
Locativos	ante (antesala), pos (posdata), sobre (sobrepoñer), trans (transalpino), inter (intercostal) sub (subterráneo), so (sobrazo) co (cohabitar)
Movemento	pro (proseguir), retro (retrotraer), ex (extraer), intro (introvertido), extra (extravertido), e (<i>emigrar</i>) es (<i>estender</i>) En <i>embotellar</i>
Temporais	ante (antediluviano), pos (posguerra), pre (predicir)
Repetición	re (reiniciar)

▪ **OUTROS PREFIXOS E OS SEUS VALORES**

Ab-: separación. *Abducción, ablación*

Ad-: dirección, proximidade, a carón de. *Adverso, adxacente*

Anfi-: dunha parte e doutra. *Anfibio, anfiteatro.*

Ante-: antes de *antano.*

Auto-: por un mesmo, propio. *Autobiografía, , automático, automóbil,*

Bi-: dous, dúas veces. Pode tomala forma **bis**: *bimensual, bisexual, bisavó*

Co-, com-, con-: simultaneidade, unión, conxunto, participación ou cooperación: *copiloto, coautor, coexistencia, compadre, convivir*

De-: de máis a menos, de arriba a abaixo. *Decaer, decrecer*

Ex: intensidade: *exclamar*

Extra-: fóra de, moi: *extraoficial, extralonga.*

hemi-: medio, metade. *Hemisferio*

hetero-: outro, diferente. *Heterosexual, heteroxéneo*

hiper-: superioridade, exceso. *hiperactividade, hipertermia, hipertensión, , hipertrofia*

hipo-: debaixo de, escaseza., *hipodérmico, hipotiroidismo*

homo-: igual, *homosexual*

infra-: posición inferior., *infraestrutura*

inter-: entre, en medio; neste caso pode adoptar a forma **intro, intra**. Tamén pode significar 'entre varios'. *Intercostal, intramuscular, intravenoso*

macro-: tamaño superior. *Macroeconomía,*

micro- : tamaño inferior. *Microbús, micrófono.*

para-: xunto a, á marxe de. *Paralelo, parasimpático.*

Peri-: ao redor de. *Perímetro*

Pos-, post-: posterioridade., *postelectoral*

Pre-: con anterioridade. *predicir, presentir*

Pro-: antes, diante, ou movemento cara diante, a favor de, en lugar de. *prólogo, promover, proxenitor pronome*

Proto-: común. *Prototipo*

Pseudo-: falso. *Pseudónimo*

Re-,Retro-: movemento cara atrás. *Retraer ,Retrovisor*

semi-: medio. *Semitransparente*

sin-: simultaneidade., falta de. *Sincronía, simpatía*

sub-: baixo, debaixo de. Pode toma-las formas **so-, sos-, su-** ou **sus-**. Tamén pode ter o significado de inferior, secundario. *subcutáneo, , subsolo, suburbano, suburbio.*

Súper, sobre-: sobre, encima de, exceso. *Superpoñer, sobredose*

Trans-, tras- : movemento a través de, posición máis alá. *Transportar, traspasar.*

Tele-: a distancia. *teléfono, telepatía, televisión*

Ultra-: máis alá de. *ultradereita, ultrasón.*

Vice-, -viz-: en vez de, substitución: vicedirectora, vizconde

▪ DERIVACIÓN POR SUFIXACIÓN

Formación de palabras novas mediante adición ao lexema dun **morfema derivativo sufixo**, que modifica o significado da palabra base e pode cambiar tamén a súa categoría gramatical. Exemplos:

Escaso-escasear; preguiza-preguiceiro; áncora-ancoradoiro; clara-claramente.

▪ VALORES DOS SUFIXOS MÁIS FRECUENTES

Acción ou efecto	ción (abolición, <i>admiración</i>), sión (agresión), mento (<i>coñecemento</i>) dura (botadura), ada (<i>coitelada, cacicada</i>), azo (<i>carpetazo</i>), ido/a (<i>ferida, engadido</i>), nza (<i>doenza</i>)
Axente, profesional	tor (actor) dor (comunicador, adestradora), eir (porteiro), ista (dentista), ante (comerciante) or/ora <i>agresor, pintor</i> , deira <i>abrazadeira</i> , dor (<i>encendedor, lavadora</i>), ario (<i>empresaria</i>)
Xentilicios adxectivos de base substantiva que designan o lugar de orixe	és (vigués), án/á/ao/ano (ourensán-á, limiao, americano), ense (estradense), ino (chantadino), ego (manchecho), eiro (rianxeiro), í (magrebí), eo (<i>européo</i>), eno-a (<i>chileno-a</i>)
Locativos lugar, territorio onde se practica, vende ou garda algo	deiro (apeadeiro), doiro (miradoiro), dor (comedor) eira (leñeira), ería/ aría (panadería/panadaría)
Temporais Tempo que dura unha acción, época	ada (noitada), ía (invernía), eira (<i>sementeira</i>)
Árbore, planta	eiro/a (limoeiro, arandeira)
Colectivos	,eira (<i>toxeira, cabeleira</i>), al (piñeiral <i>xestal</i>), ado (alumnado) ada (<i>bandada</i>), ario (<i>anecdótico</i>), axe (<i>follaxe</i>), eiro (<i>cancioneiro</i>), ame (<i>velame</i>), dura (<i>dentadura</i>), mento (<i>armamento</i>)
Caracterizadores	udo (barbudo), án/a/ana (<i>mentirán, cristiá, folgazana</i>), eiro (<i>trampulleiro faladeiro</i>), oso (choroso), ista (bromista), -nte (<i>argallante</i>), ble /-bel (<i>agrada-ble /-bel</i>), ento (<i>amarelento</i>), oso (<i>cobizoso</i>) eiro <i>casadeiro</i> , ivo (<i>progresivo</i>), ista (<i>racista</i>), il (<i>infantil</i>), oso (<i>agarimoso</i>), oño (<i>risoño</i>) eo (<i>óseo</i>) iño (<i>mariño</i>)
Sistema, doutrina, relixión	ismo (<i>consumismo, capitalismo, budismo</i>)
Relativo a, pertencente a, propio de	ado (<i>dentado</i>), al (<i>circunstancial</i>), ar (<i>escolar</i>), ico (<i>académica</i>), al (<i>persoal, invernal</i>)
Calidade de (Abstractos)	idade (<i>felicidade, cordialidade</i>), dade (<i>crueldade</i>), ez (<i>nenez</i>), eza (<i>sutileza</i>)
Formador de adverbios	Mente (<i>indubidablemente</i>)
Aumentativos	aza (<i>barcaza</i>), ón (<i>durmiñón</i>)
Diminutivos	iño/ciño (<i>neniño, canciño</i>), elo (<i>cadelo</i>), echo (<i>pequerrecho</i>)
Despectivos	ucha (<i>casucha</i>) acho (<i>populacho</i>), astro (<i>politicastro</i>)

OBSERVACIÓNS:

- Nos adverbios rematados en **-mente**, o elemento que aparece entre o lexema e o sufixo é un morfema flexivo de xénero feminino: *mans-a-mente...*
- O sufixo **-nte** únese á raíz dos verbos da primeira e segunda conxugación mediante a vogal temática do verbo orixinario: *crente, principiante*.

Cando o verbo é da terceira, danse tres solucións:

- ente: influente, relucente
- iente: conveniente, sobresaliente
- inte: seguinte, oínte.

3.2. Composición

Consiste na creación dunha palabra mediante a unión de dous ou máis lexemas. A composición pode ser de dúas clases:

- **Composición propia:** os constituíntes léxicos forman unha única palabra: *cabodano, augardente, gardameta, vaivén, benestar, maldicir*
- **Composición impropia ou sintagmática:** os elementos teñen un único significado, pero non se fusionan. Poden ser:
 - a) Dúas palabras sen elemento de unión: *porco bravo, chave inglesa, garda civil, peixe sapo...*
 - b) Dúas palabras cun elemento gramatical de relación: *estrela de mar, arco da vella, pano da mesa...*
 - c) Dúas palabras unidas por un guión: *árabe-israelí, político-social, ruxe-ruxe*.

3.3. Parasíntese

É un tipo especial de derivación no que se incorporan ao mesmo tempo un prefixo e un sufixo derivativo: *encadear, enriquecer, embarcadoiro...* Pode encontrarse esa mesma estrutura morfolóxica en palabras que non sexan parasintéticas. É o caso de *transoceánico* ou *incontábel*, que son palabras derivadas doutras á súa vez xa derivadas; nestes casos, o prefixo e o sufixo derivativo non se engaden de xeito simultáneo, senón sucesivo (*océano > oceánico > transoceánico; contar > contábel > incontábel*).

Para comprobar que estamos ante unha palabra parasintética, basta suprimir o prefixo e comprobar que a palabra resultante non existe (*encadear, enriquecer, embarcadoiro* son parasintéticas: non existen **cadear, *riquecer, *barcadoiro*).

3.4. Acurtamento

É unha forma de creación de palabras que consiste na eliminación dunha parte da mesma. Hai varios tipos:

- **Derivación regresiva.** É un procedemento especial de derivación no que a palabra derivada, en lugar de engadir un morfema derivativo á palabra base, sofre un acurtamento do seu corpo fonético: *pechar* > *peche*, *amarrar* > *amarre*, *obligar* > *obriga...* Trátase de substantivos formados a partir da eliminación de morfemas de verbos. O seu valor é de “acción ou efecto de”: *captura*, *entrega*, *veda*, *peche*, *abandono*, *abaneo...*

É moi pouco frecuente en galego, xa que a tendencia habitual é derivar sempre mediante morfemas derivativos (*subministrar* > *subministración* e non **subministro*, *apuntar* > *apuntamento* e non **apunte*, *desarmar* > *desarmamento* e non **desarme...*).

- **A acronimia.** É un tipo de formación de palabras consistente na combinación de letras e/ ou sílabas de varias palabras creando unha única forma autónoma. Un proceso frecuente na acronimia é escoller os extremos opostos de dúas palabras: *información automática* > *informática*, *motorista hotel* > *motel*, *automóbil ómnibus* > *autobús*, *poliéster galo* > *tergal*, *modulador demodulador* > *módem*, *telecomunicación informática* > *telemática...* Tamén se pode considerar acronimia a formación de palabras plenas a partir de siglas: *ovni* ('obxecto voador non identificado'), *diu* ('dispositivo intrauterino'), *sida* ('síndrome de inmunodeficiencia adquirida'). Pronúncianse como palabras comúns e só se escribe a primeira letra con maiúscula.

- **As siglas.** Son abreviaturas formadas polas iniciais de varias palabras. Adoptan o xénero da primeira palabra.

Poden ser lidas en bloque: ESO, IVE, RAE. INEF, DOG, ou soletreadas: TVG, UXT, BNG.

En ocasións, convértense en substantivos e escríbense con minúscula: *ovni*, *sida*.

4. CLASES DE PALABRAS SEGUNDO A ESTRUCTURA

- **Simples.** Conteñen un só lexema, que pode ir acompañado de morfemas flexivos de xénero e número: *Casas*, *mozos*, *rúa*, *pan*, *cans...*
- **Derivadas.** Formadas pola unión de un lexema e de morfemas derivativos (ademais de morfemas de xénero e número): *Rueiro*, *empanadas*, *terriña...*
- **Compostas.** teñen dous lexemas (ademais dos morfemas de xénero e número): *Tiratacos*, *paraugas*, *ollomol*.

As palabras compostas poden estar constituídas por palabras da mesma categoría gramatical ou formar outro tipo de combinacións:

▶ Substantivo + substantivo: beiramar	▶ Substantivo + adxectivo: ollomol
▶ Adxectivo + adxectivo: agridoce	▶ Adxectivo + substantivo: boaventura
▶ Verbo + verbo: bulebule	▶ Verbo + substantivo: tirarrollas
▶ Adverbio + adxectivo: malcriado	▶ Adverbio + verbo: maldicir...

- **Parasintéticas.** Constituídas por dous tipos de estruturas:
 - As formadas pola combinación de prefixos + lexema+ sufixos, sempre que ao prescindir de calquera dos dous non resulte unha palabra existente na lingua (os dous son imprescindibles): *a-carici-ar, en-grand-ecer, des-car-ado, des-esperación.*
 - Considéranse tamén parasintéticas as palabras formadas por dous ou máis lexemas + morfemas derivativos (composición e derivación): *bota-fum-eiro*
- **Palabras complexas:** frases fixas formadas por palabras independentes noutros contextos pero que nese conxunto non o son: *vichelocrego, fervellasverzas.*

EXEMPLOS DE SEGMENTACIÓN E CLASIFICACIÓN DE PALABRAS

PALABRA	SEGMENTACIÓN	CLASE
Amiguiños	Amigu (L) iñ (SA) o (SF) s (SF)	Simple
Discusión	Discu (L) sión (SD)	Derivada
Inútiles	In (P) útil (L) es (SF)	Derivada
Piñeiral	Piñ (L) eir (SD) al (SD)	Derivada
Apesaradas	A (P) pesar (L) a[-]d (SD) a (SA) s (SA)	Parasintética
Renovación	Re (P) nov (L) a[-]ción (SD)	Parasintética
Revisión	Re (P) vi (L) sión (SD)	Derivada
Agridoces	Agri (L) doce (L) s (SF)	Composta
Estabamos	Est (R) a (VT) ba (SMT) mos (SNP)	Simple
Recomprarei	Re (P) compr (R) a (VT) re (SMT) i (SNP)	Derivada
Soubeches	Soub (R) e (VT) ches (SNP)	Simple
Estean	Este (R) a (SMT) n (SNP)	Simple

5. A ESTRUCTURA DOS VERBOS

A raíz. É o elemento que porta a significación léxica do verbo. É o único constituínte que se encontra presente en todas as formas verbais.

A vogal temática. Constitúe o signo identificador da conxugación. Mediante ela podemos adscribir unha forma verbal determinada a unha das tres clases mórficas (conxugacións) existentes. A correspondencia **a** - conxugación I, **e** - conxugación II e **i** - conxugación III sofre certas alteracións nalgunhas persoas dalgúns tempos verbais, esencialmente cando se encontra en posición átona.

I: a , excepto en:	- pres. ind. 1ª p.: \emptyset (cant- \emptyset - \emptyset o) - pres. subx.: \emptyset (cant- \emptyset -e-mos) - perf. 1ª p.: e (cant- e - \emptyset -i), 3ª p.: o (cant- o - \emptyset u)
II: e , excepto en:	- pres. ind. 1ª p.: \emptyset (beb- \emptyset - \emptyset o) - pres. subx.: \emptyset (beb- \emptyset -a-des) - imperf. ind.: i (beb- í -a-s) - perf. 1ª e 2ª p.: i (beb- í -n, beb-i- \emptyset ches) - participio: i (beb-i-do-) \emptyset
III: i , excepto en:	- pres. ind. 1ª p.: \emptyset (part- \emptyset - \emptyset o), 2ª, 3ª e 6ª: e (part- e - \emptyset -s) - pres, subx.: \emptyset (part- \emptyset -a-n) - imperat. 2ª p.: e (part- e - \emptyset - \emptyset)

Sufixo modo-tempo: encóntrase entre a vogal temática e o sufixo número persoa. Adscribe as formas verbais a un tempo e un modo.

Presente de indicativo:	\emptyset (cant-a- \emptyset -mos)
Imperfecto de indicativo:	ba/a (cant-a- ba -s, part- í -a-s)
Perfecto de indicativo:	\emptyset (cant-a- \emptyset -ches)
Pluscuamperfecto de indicativo:	ra (cant-a- ra -des)
Futuro de indicativo:	re/ra (beb-e- re -i, beb-e- rá -s)
Futuro hipotético:	ria (part-i- ria -mos)
Presente de subxuntivo:	e/a (cant- \emptyset e -s, beb- \emptyset a -s)
Imperfecto de subxuntivo:	se (part-i- se -n)
Futuro de subxuntivo:	r/re (cant-a- r -des, cant-a- re -n)
Imperativo:	\emptyset (cant-a- \emptyset -de)
Infinitivo:	r/re (cant-a- r -des, cant-a- re -n)
Xerundio:	ndo (cant-a- ndo -) \emptyset
Participio:	do (cant-a- do - \emptyset)

Sufixo número-persoa: encóntrase despois do sufixo modo-tempo e clasifica as formas verbais en seis persoas diferentes, tres de singular e tres de plural.

- 1ª: \emptyset (cant-a-ba- \emptyset) excepto:
presente ind.: **o** (cant- - \emptyset \emptyset -**o**)
perfecto: **i** (cant-e- \emptyset -**i**) e **n** (part-í- \emptyset -**n**)
futuro: **i** (cant-a-re-**i**)
- 2ª: **s** (beb-e-ra-**s**) excepto:
imperativo: \emptyset (cant-a- - $\emptyset\emptyset$)
perfecto: **ches** (beb-i- \emptyset -**ches**)
- 3ª: \emptyset (part-i-ra- \emptyset) excepto:
perfecto: **u/o** (cant-o- - \emptyset **u**, fix- - - \emptyset \emptyset **o**)
- 4ª: **mos** (cant-a-ba-**mos**)
- 5ª: **des** (beb-e- - \emptyset **des**) excepto
perfecto: **stes** (beb-e- \emptyset **stes**)
imperativo: **de** (beb-e- de)
- 6ª: **n** (coll-e-rá-**n**) excepto
perfecto: **ron** (coll-e- - \emptyset **ron**)

FLEXIÓN VERBAL REGULAR				
	R	VT	SMT	SNP
Presente Indicativo	and	-	-	o
	and	a	-	s
	and	a	-	-
	and	a	-	mos
	and	a	-	des
	and	a	-	n
Copretérito Indicativo	and	a	ba	-
	and	a	ba	s
	and	a	ba	-
	and	a	ba	mos
	and	a	ba	des
	and	a	ba	n
Pretérito Indicativo	and	e	-	i
	and	a	-	ches
	and	o	-	u
	and	a	-	mos
	and	a	-	stes
	and	a	-	ron
Antepretérito	and	a	ra	-
	and	a	ra	s
	and	a	ra	-
	and	a	ra	mos
	and	a	ra	des
	and	a	ra	n
Futuro	and	a	re	i
	and	a	rá	s
	and	a	rá	-
	and	a	re	mos
	and	a	re	des
	and	a	ra	n
Pospretérito	and	a	ría	-
	and	a	ría	s
	and	a	ría	-
	and	a	ria	mos
	and	a	ria	des
	and	a	ria	n
Presente Subxuntivo	and	-	e	-
	and	-	e	s
	and	-	e	-
	and	-	e	mos
	and	-	e	des
	and	-	e	n
Pretérito Subxuntivo	and	a	se	-
	and	a	se	s
	and	a	se	-
	and	á	se	mos
	and	á	se	des
	and	a	se	n
Infinitivo conxugado e Futuro Subxuntivo	and	a	r	-
	and	a	r	es
	and	a	r	-
	and	a	r	mos
	and	a	r	des
	and	a	r	en
Imperativo	and	a	-	-
	and	a	-	de

	R	VT	SMT	SNP
coll	-	-	-	o
coll	e	-	-	s
coll	e	-	-	-
coll	e	-	-	mos
coll	e	-	-	des
coll	e	-	-	n
coll	í	a	-	-
coll	í	a	-	s
coll	í	a	-	-
coll	i	a	-	mos
coll	i	a	-	des
coll	í	a	-	n
coll	í	-	-	n
coll	i	-	-	ches
coll	e	-	-	u
coll	e	-	-	mos
coll	e	-	-	stes
coll	e	-	-	ron
coll	e	ra	-	-
coll	e	ra	-	s
coll	e	ra	-	-
coll	e	ra	-	mos
coll	e	ra	-	des
coll	e	ra	-	n
coll	e	re	-	i
coll	e	rá	-	s
coll	e	rá	-	-
coll	e	re	-	mos
coll	e	re	-	des
coll	e	ra	-	n
coll	e	ría	-	-
coll	e	ría	-	s
coll	e	ría	-	-
coll	e	ria	-	mos
coll	e	ria	-	des
coll	e	ria	-	n
coll	-	a	-	-
coll	-	a	-	s
coll	-	a	-	-
coll	-	a	-	mos
coll	-	a	-	des
coll	-	a	-	n
coll	e	se	-	-
coll	e	se	-	s
coll	e	se	-	-
coll	é	se	-	mos
coll	é	se	-	des
coll	e	se	-	n
coll	e	r	-	-
coll	e	r	-	es
coll	e	r	-	-
coll	e	r	-	mos
coll	e	r	-	des
coll	e	r	-	en
coll	e	-	-	-
coll	e	-	-	de

	R	VT	SMT	SNP
part	-	-	-	o
part	e	-	-	s
part	e	-	-	-
part	i	-	-	mos
part	i	-	-	des
part	e	-	-	n
part	í	a	-	-
part	í	a	-	s
part	í	a	-	-
part	i	a	-	mos
part	i	a	-	des
part	í	a	-	n
part	í	-	-	n
part	i	-	-	ches
part	i	-	-	u
part	i	-	-	mos
part	i	-	-	stes
part	i	-	-	ron
part	i	ra	-	-
part	i	ra	-	s
part	i	ra	-	-
part	i	ra	-	mos
part	i	ra	-	des
part	i	ra	-	n
part	i	re	-	i
part	i	rá	-	s
part	i	rá	-	-
part	i	re	-	mos
part	i	re	-	des
part	i	ra	-	n
part	i	ría	-	-
part	i	ría	-	s
part	i	ría	-	-
part	i	ria	-	mos
part	i	ria	-	des
part	i	ria	-	n
part	-	a	-	-
part	-	a	-	s
part	-	a	-	-
part	-	a	-	mos
part	-	a	-	des
part	-	a	-	n
part	i	se	-	-
part	i	se	-	s
part	i	se	-	-
part	i	se	-	mos
part	i	se	-	des
part	i	se	-	n
part	i	r	-	-
part	i	r	-	es
part	i	r	-	-
part	i	r	-	mos
part	i	r	-	des
part	i	r	-	en
part	e	-	-	-
part	i	-	-	de

RAÍCES DOS VERBOS IRREGULARES

	R ₁	R ₁ '	R ₂	R ₃
PARIR	par-		pair- (1ªppi)	
VALER	val-		vall-(1ªppi)	
PRACER	praz-			proug-
CABER	cab-		caib-(1ªppi)	coub-
PODER	pod-(1ªppi) (*)		poid-	puid-
QUERER	quer-(1ªppi)		queir-	quix-
TRAER	tra-		trai-(1ªppi)	troux-
DAR	d- / do(1ªppi)		de-	d-
DICIR	diz- / di-	di-	dig-(1ªppi)	dix-
ESTAR	est- / esto-(1ªppi)		este-	estiv-
FACER	faz- / fa-	fa-	fag-(1ªppi)	fix-
HABER	hab- / he-(1ªppi)	ha-	hax-	houb-
POÑER	poñ-(1ªppi)	po-		pux-
PÓR	poñ-(1ªppi) / po- / puñ-	po-		pux-
SABER	sab- /se-(1ªppi)		saib-	soub-
TER	te- / tiñ-	te- / teñ-	teñ-(1ªppi)	tiv-
IR	i- / vo-(1ªppi)	va-	vai-	fu- / fo-
SER	so-(1ªppi) / s- / er-	e- / so-	sex-	fu- / fo-
VER	ve- / vi-		vex-(1ªppi)	vi-
VIR	vi-(1ªppi) / viñ-	ve- / veñ-	veñ- (1ªppi)	viñ- / vi- / ve-

(*) A 1ª persoa do presente de indicativo pode presentar a R₁, a R₂ ou unha raíz específica. No cadro, indícase con (1ªppi)